


Faladoiro


ANO IX

Nº XIV




IAGO

REDAÇÃO: Rua da Liberdade, 100, 1.º andar, Rio de Janeiro, RJ



OTRAS NO COMODIN



BELEN

URBENIE 3 ANOS

o LUNS

DÍA 11 DE MAIO

VEU O NOSO COLEXIO O GRUPO DE

TEATRO "PAVÍS PAVÓS" CONTÁ

RONNOS CONTOS, CANTÁRONNOS CANCI


ÓNS, E ENSINÁRONNOS UNHA RIFA.

SHELLA

4 ANOS

O LUNS-DÍA 20 DE ABRIL FUMOS
BE ET CURSION A ESTACION DO
TREN-VIA X AMOS NO TRENE
FUMOS O


PARQUE DE CASTRELOS



4 ANOS


O MERCORES 13 DE MAIO
VEU A BANDA DE MÚSICA DE
MARIN O COLEXIO. ENSINARONOS
OS SEUS INSTRUMENTOS E TOCARON
AS CANCIÓNS DO INSPECTOR GACHET,
POCAHONTAS, A BELA E A BESTA ...

TAMARA (5 ANOS)




FLAUTA TRAVESERA

NOEMI (5 ANOS)



"A GALIÃA PAULINA"


A GALIÃA ESTABA MOI
TRISTE POLOS SEUS OVOS




DO OVO SAIU UN POLIÑO
AMARELO É BONITO
ROMPEU A CASCA CO SEU PIQUIÑO







CANDO SAIU DO OVO PUXOSE
A BUSCAR VERMES



CANDO MEDROU O POLIÑO FOI
UN GALIÑO GRANDE E BONITO



AUTOR DA LETRA : NOEMI (5 ANOS)
DE BUXOS : ADRIAN (5 ANOS)



Alex 1.

REGATOS DE CELA


RIO DO INFERNO

Nace en Fozonobal

Pasa por Barros (Emefo) Trambasaugas (Paradela)
Queiramañó Δ Senra

Desemboca en Agreló (Matadouro)

Molinos deste río:



Molino do Coto, Molinos da
Infestas, Molino de Queiramañó,
Molino do inferno, Molino San
Freire, ten un faradouro, Molino
d'ouro, Molino Prado do río,
Molino da fonte, Molino Porto
carrero, Molino Batañ, Molino de
Medo, Molino do cubo, Molino
Cabaros.

RIO DA PENA

Nace en Telleiras (Manín).

Pasa pola Pena, por Pousada, por
Sar.


Desemboca en Agreló (Riamón).

Molinos deste río:

Tambo, está restaurada e ten unha
fonte e un faradouro.

Abano, ten unha fonte e un
faradouro.

Δ Canteira, está debaixo de talleres
Daruñán Sñ Sa 110 7-6 a parhira.





Moinho Vello, está todo cheo de sibras,
de paus e non se pode entrar.

Melario, está o lado do espiñeiro que
é outro moinho. Os dous están cheos de
sibras.

O maior, é moi grande e o tellado
está caído.

O pequenino, está pimpo e pódese
entrar con facilidade.



RIO DA RAPOSEIRA

Nace en Sar

Pasa por Castrelo (Xoadre)

Desemboca en Portomarín ó norte,
made sobre 400 metros aproximada-
mente, non ten mullas.

RIO DO COTO

Nace en Pesillo

Pasa por Chégueira

é desemboca en Covelo

é Taramán.

RIO DO BISPO

Nace en Ernelo

Pasa por Chéiro

é desemboca na Banda do

riá maior.

CENTENARIO

DO NASCIMENTO

DE

FEDERICO


GARCÍA

LORCA

Nasceu en Fontevaqueros (Granada)
en 1898. Garcia Lorca é un gran
poeta lírico e tamén un xenial autor
dramático.

A súa primeira gran obra persoal
é o "Poema do Cante Jondo".
Pero o seu gran libro lírico
máis famoso é "Romance Gitano".
No Teatro o seu primeiro drama
"María Pineda" escenifica a vida e o
morte desta heroína granadina.

Viaxa por varios países: Bos Aires,
Nova York, e tamén estivo na noza Terra: Galicia.



Poema da danza da lúa en Santiago

¡Fita a aquel branco galán,
olla seu traxito corpo!
E a lúa que baila
na Quintana dos mortos.
Nai: a lúa está bailando
na Quintana dos mortos.

No ano 1932. Federico García Lorca, viaxa a Galicia. Despois expresou a súa sensibilidade, escribindo 6 poemas galegos. Velaquí un deles:

"Cancion de cuna para Rosalia Castro morta"

¡Érguete, miña amiga,
que xa cantan os galos do día!
¡Érguete miña amada,
porque o vento muxa, coma unha vaca!

Os arados van e vén
desde Santiago a Belén.

Desde Belén a Santiago
un ano vén nun barco.

Un barco de prata gina
que traía a dor de Galicia

Galicia deitada e queda

Tranxida de tristes herbas.

Herbas que cubran o teu teito,
e a negra gonte dos teus cabelos
Cabelos que van a o mar

onde as nubes teñen o seu nido pombal




CAMILO PARADA
1930

CANTIGAS DE OFICIOS

Maruxiña do forneiro,
se coceras faime un bolo,
se mo fas faime de millo,
que eu de trigo non cho come.



O cantar do arriero
é un cantar moi baixiño
cando canta en Ribadavia
resoa no Carballeiro.



CONCURSO de REDACCIÓN e DEBUXO "DANZADEIRA" de CELA

A A.C. "DANZADEIRA" de Cela convocou, co gallo do Día das Letras Galegas, o concurso de redacción e debuxo que conta con grande éxito entre os escolares de Cela, o que fai que a participación nel sexa moi alta.

O tema escollido este ano era : ¿QUÉ PASARÍA SE.....? o que estimulou a creatividade e imaxinación nos rapaces.

Os premios foron entregados no Eirado de Cela dentro dun acto no que puideron disfrutar dunha obra de teatro protagonizada polos actores do grupo de teatro Seis Dedos de Lalín.

Aparte dos premiados tódolos participantes recibiron un agasallo.

Tódolos traballos premiados son publicados a continuación nas seguintes páxinas deste xornal.

PREMIOS DE DEBUXO


JENNIFER HERMO NOVAS E. Infantil 3 anos
SHEILA SANTANA RUA E. Infantil 4 anos
SELENE GOMEZ JORGE E. Infantil 5 anos
DAVINIA PADIN GARCIA 1º Primaria 6 anos
RAQUEL ESTEVEZ RODRIGUEZ..... 2º Primaria 8 anos

Fola calidade dos traballos acordouse dar dous accesit:
Mª JESUS CARBALLO ROSALES E. Infantil 5 anos
JAVIER JUNCAL BUDIÑO 1º Primaria 6 anos

PREMIOS DE REDACCION

YOSUA PENA PARADA 3º primaria
RCMINA PORTELA FERNANDEZ.... 4º Primaria
SHEILA LOBEIRA MARTINEZ 5º Primaria
IDOYA DURAN POUSEU 6º Primaria
MARINA NOGUEIRA GOMEZ 1º E.S.O.
ANA BELEN OTERO PATIÑO 2º E.S.O.

Tamén se deu un accésit a:



¿Que pasaría se ... non existiran os peixes?


Non poderíamos comer bacalao, sardiñas nin xurelos, habría que comer sempre carne e pastas e cando nos aburriramos ¿ que comeríamos?

¿Nosos pais a onde irían a traballar? Tendrían que traballar de albañil, gardamontes... Poderíamos ir as bateas a buscar mexilóns, ostras... e iríamos a pescar vieiras..


Collería un autobús e un tren e iríame deste país para ver se había peixes para alimentarnos mellor noutro sitio.

Yosua Pena Parada

3º PRIMARIA



FADA



¿Que pasaría se... non existise o sol?

Si o sol non existise sería sempre de noite e estaríamos case sempre durmidos e as temperaturas serían moi frías e estaría chovendo sempre.

Para a xente é moi importante o día porque se non traballarían as escuras e non poderían ver o que facían.

Pero pode que no ano dous mil setecentos que non houbera sol, iso non se pode saber. Se non traballamos non teríamos comida nin alimentos.


A min non me gustaría vivir nun mundo sin sol.

¿A quen lle gustaría?

Os imaxinades o día das Letras Galegas de noite e fin de curso de noite.

Eu solo espero que no mundo enteiro non falte a luz do sol e da lúa.

Romina Portela Fernández
4º Primaria



¿Que pasaría se... non houberse guerras?

A paz é moi importante. Un mundo cheo de paz sería o máis bonito. As guerras son perxudiciais, matan a homes, mulleres e nenos que non teñen culpa.

Os países e continentes que máis sufren guerras son os máis pobres como o continente africano. Son tan pobres que non teñen cartos para comprar ferramentas para protexerse dos ataques, nin comida. Nós mandámoslle comida pero son tantos habitantes que non chega para todos, e algunhas veces asaltan os camións cheos de comida.

Non so temos que preocuparnos no que pasa noutros países, tamén hai que preocuparse no que pasa aquí. Porque case sempre estamos a pelexar cos nosos compañeiros do colexio sen ter porque. Iso hai que evitalo, facéndose amigos de toso o mundo e se algún é malo hai que convencelo para que se volva bo.

A paz é moi bonita. E hai que facer tódolo posible para que no mundo haxa moita paz. E cando o mundo esté cheo de paz, estará cheo de cousas boas.

Sheila Lobeira Martínez
5º Primaria



¿Que pasaría se... Foramos sempre nenos?

NENOS PARA SEMPRE

Érase unha vez cinco rapaces chamados: Xoaquín, Xurxo, Bieito, Xosé e Mario, que estaban xogando ó escondite, cando de supeto atoparon unha cova.

Foron entrando para dentro e avostaron unha fonte, que botaba auga, unha auga cristalina, clara, na que un podía verse reflexado nela.

Os rapaces quedáronse máis de cinco minutos pasmados mirando para ela.

De repente escoitaron unhas voces que os chamaban de fóra; saíron fóra e miraron que era as súas nais as que os chamaban. E tiveronse que ir.

O día seguinte estaban a xogar ó fútbol cando Xoaquín (que era o máis ousado), quiso ir outra vez á fonte. Os outros seguirono.

Estábana observando cando escoitaron:

-Bébeme e non medrarás máis.- dixo a fonte-

Xoaquín bebeu e como non lle pasaba nada os demais beberon. Pasaba o tempo e non medraban; contáronlle ós seus pais. Os pais levaron ós rapaces ó médico, o médico dixolles que non ían medrar máis.

Pasaban os anos, os seus compañeiros medraban e eles seguían sendo nenos. Xogaban, pasábano ben, sen facerse maiores e sen medrar. Eles ern felices e non lles importaba o que dixera a xente.


RESOLU | PA SA... | B...



COLE

IGLESIA

PELO
COLE



TLENA

RAQUEL

¿Que pasaría se ... as persoas vivisen soas?

Sería unha das peores cousas que poderían pasar no mundo. Moitas persoas preguntaraníse porque sería tan malo. Pois eu resumiríao todo nunha palabra "**SOIDADE**".

É unha palabra horrible e que fai sufrir. Eu estiven soa moito tempo e é algo que sabe amargo e senta moi mal, non llo desexaría a ningún.

A min ocorreume sen máis, é algo durísimo polo que hai que pasar. É un dos atrancos que se poñen no camiño e que preferiría morrer antes de estar nun mundo tan cruel.



Síntome valeira só estou eu e teño que saír adiante e pensar de forma positiva.

Se estás moito tempo neste estado ata podería ocorrer que xa non souberas vivir en compañía. Non é bo acostumarse moito. É un mal trago polo que algunha vez hai que pasar.

Cando tes moitos amigos e estás en compañía é difícil pensar que iso vai ocorrer.

Se tódolas persoas vivisen en soidade o mundo enteiro sería unha ruína, non habería remedio e tarde ou cedo deixaríamos de existir. Morreríamos de tristeza.

O que máis desexo neste mundo é a felicidade, cousa que creo que nalgúns corazóns con existirá.



M^o JESUS

¿Que pasaría se... coñecese o meu grupo preferido?

O conto vai entre eu máis miña amiga. Nós temos 14 anos e como moitas rapazas da nosa idade estamos toliñas polos Backstreet Boys, e para que non entenda, "Os rapaces da rúa de atrás".

Pois o que vamos a contar e o que pasaría se os coñecésemos, se os tivesemos moi cerca ou se separasen. Moita xente dirá, ¡Fariades un escándalo! ¡Chorariades, berrariades...etc.

Pero nós pensmos que se os tivesemos diante primeiro pelizcaríamos, protariamo-los ollos, e cando voltásemos en sí abrazariamolos tanto que se poidesemos non os soltariamos máis.

Nós sempre pensamos o que pasaría se iso sucedese. Decimos que os conquistariamolos, que seriamos-lo seu gran amor, casariamonos con eles e teriamos unha gran familia ou sexa familia numerosa.

¡Home! non vaiades a pensar que como son cinco iamos a casar cos cinco. As rapazas de agora son modernas pero non tanto, o que pasa é que cada unha ten o seu preferido.

O que menos nos preguntamos e o que pasaría se o grupo se separase.


Se iso pasase sería unha locura para nós, seguro que agora si nos desmaiariamos, gritariamos e chorariamos. Sería... ¡Por Deus que non suceda iso! Porque a nós gustannos moito.

A xente di que iso e cousa da idade, que co tempo tódolos posters e discos quedaran no moble vello.

Que pasaría se pasase iso, pois...o mellor pasa porque nos somos así.

Ana Belén Otero Patiño

2º E.S.O.



JAV
JUN

QUE PASARIA SE...?

¿Que pasaria se un doutor chiflado inventara un producto que fixera gigantes os insectos?

Primeiro comerian todas as cosechas e non tendríamos comida e tendríamos que fabricar insecticidas gigantes para acabar con eles.


Pero cando morreiran por causas naturais poderíamos aproveitar a sua carne. Tamén poderíamos domesticalos para levar a herba a casa e axudar os homes. O seu excremento nos daría abono a montóns e poderíamos plantar o dobre de cosechas.

A pena é que iso solo ocorre nos meus soños.



Dias das Letras Galegas
17 de Maio de 1998

TROBADORES DA RÍA
DE
Vigo.



XÓAN DE LANGAS



VENDIÑ



MARTÍN CÓDAX

Inés Freire Soage }
Susana Martínez Cerviño } RESO A
Damián Malvido Pena }

AUTORES

NOVAMENTE

NO


DA DAS LETRAS GLEGA

- 1963.- Rosalía de Castro.
1964.- Alfonso Rodríguez Castelao.
1965.- Eduardo Pondal.
1966.- Francisco adrián Paz.
1967.- Manuel Cuervo Enríquez.
1968.- Florentino López Cuevillas.
1969.- Antonio Noriega Varela.
1970.- Marcial Valladares Nuñez.
1971.- Gonzalo López Albente.
1972.- Valentín López Carvajal.
1973.- Manuel Lago González.
1974.- Xosé Vicente Viqueira López.
1975.- Xosé Manuel Pintos Villar.
1976.- Ramón Cabanillas Enrique.
1977.- Antón Villos Ponte.
1978.- Antonio López Ferreiro.
1979.- Manuel Antonio Pérez Sánchez.
1980.- Alfonso X. "O sabio"
1981.- Vicente Risco.
1982.- Armado Carballo.
1983.- Manuel Leixas Pulpeiro.
1984.- Armando Cotarelo Valledor.
1985.- Antón Losada Piñeira.
1986.- Aquilino Iglesia Alvariño.
1987.- Francisco Herxira Garrido.
1988.- Manuel Otero Pedraio.
1989.- Celso Emilio Ferreiro.
1990.- Luís Pimentel.
1991.- Álvaro Cunqueiro.
1992.- Fermín Bouza Brey.
1993.- Eduardo Blanco Amor.
1994.- Luis Seoane López.
1995.- Rafael Dieste González.
1996.- Xosé Ferrás Couso.
1997.- Anxo Fole.
1998.- Os trovadores da Ría de Vigo.

Hipólito Parada Redas.
Leticia Pociño Álvarez.

Xoán de Cangas.

Xoán de Cangas, viviu entre mediados e finais do século XIII. Non temos máis datos del có seu nome, unido a uns poucos versos que fan referencia á romanía de Sanamedio (Beluso). As súas composicións son tres cantigas de amigo, coñecidas como cantigas de romanía e nelas hai continuas referencias xeográficas propias da súa época: Δ eruida de San Mamado do Mar, na parroquia de Beluso (Prua).



Mayra Couso Pena. 2.º A.

Joaquín Méndez Barreiro. 2.º B.

CANTIGA 1

Amigo, se mi gram ben queredes,
 id'a San Mamed'e veer-m'edes
 oje non mi mençades, amigo.
 Pois mi aquí ren non podedes dizer,
 id'u ajades comigo lezer:
 Serei vosqu'en San Mamede do Mar
 na ermida, se min-o Deus aguisar:
 oje non mi mençades, amigo.

Amigo, se me queredes ben,
 ide a San Mamede e alí me veredes;
 pero hoxe non me mintades.
 Xa que aquí non me podedes dicir nada,
 ide a onde teñades lecer comigo:
 pero hoxe non me mintades.
 Estarei convosco en San Mamede do Mar,
 na ermida, se así Deus o quiser;
 pero hoxe non me mintades.

CANTIGA 2

En San Mamed'u sabedes
 Que viste-lo meu amigo
 Oj'ouver'a seer migo;
 Mia madre, fé que devedes,
 leixedes-mi-o ir veer
 O que vistes esse día
 andar por mi mui coitado
 chegou-m'ora seu mandado
 madre, por Santa María
 leixedes-mi-o ir veer
 Pois el foi d'atal ventura
 Que sofreu ta muito mal
 Por min e ren moi lhi val,
 Mia madre, e por mesura
 leixedes-mi-o ir veer.
 Eu serei por el coitada,
 pois el é por mi coitado;
 se de deus ajades grado,
 madre ben aventurada.
 leixedes-mi-o ir veer.

En San Mamede, onde sabedes
 que vistes o meu amigo,
 hoxe vai estar comigo;
 ¡madre!, por Santa María,
 debedes deixarmo ir ver.
 O que vistes ese día
 andar por min moi coitado
 mondoume agora o seu recado
 ¡madre! por Santa María,
 debedes diexarmo ir ver.
 Pois a súa ventura foi tal
 que sufriu moito mal
 por min, e non lle vale nada;
 ¡madre! Por mesura,
 debedes deixarmo ir ver.
 Eu estarei por el coitada,
 xa que el tamén está coitado por min;
 ¡nai ben aventurada!,
 Debedes deixarmo ir ver.


CANTIGA 3

Fui eu, madr', a San Mamed'u me cuidei
 que vess'o meu amigu'e non foi i;
 por mui fremosa que triste m'en parti
 e dix'eu como vos agora direi:
 pois y non ven, sei úa ren:
 por mi se perdeu, que nunca lhi fiz ben.
 Quand'eu a San Mamede fui e non vi
 meu amigo con que quisera falar,
 a mui gram sabor nas riveiras do mar,
 sospirei no coraçón e dix'assi:
 pois i non ven, sei úa ren:
 por mi se perde, que nunca lhi fiz ben.
 Depois que fiz na ermida oraçon
 e non vi o que mi quería gram ben,
 con gram pesar filhou-xi-me gram tristen
 e dis i eu log'assi esta razon:
 pois i non ven, sei úa ren:
 por mi se perdeu, que nunca lhi fiz ben.

Fun eu madre, a San Mamede, onde pensei
 ver o meu amigo, mais el non foi ali;
 tan fermosa como triste marchei de ali
 e dixer tal e como agora vos direi:
 pois o meu amigo non vén, digo unha cousa:
 perdeuse el por min, mais eu nunca lle fixen ningún ben.
 Depois de rezar unha oración na ermida
 e non ver a quen tanto me quería,
 entroume unha tristeza e un profundo pesar,
 e dixer enton eu razon:
 pois o meu amigo non vén, digounha cousa:
 perdeuse el por min, mais eu nunca lle fixen ningún ben.
 Depois de rezar unha oracion na ermida
 e non ver a quen tanto me quería,
 entroume unha gran tristeza e un profundo pesar,
 e dixer enton eu esta razon:
 pois o meu amigo non vén, digo unha cousa:
 perdeuse el por min, mais eu nunca lle fixen ningún ben.

Martín

Codex



Mei' poucos datos sonos que se
salen en concreto deste trabador
galego, autor de seis cantigas
de amigo. Fendído Incluído
dentro da categoría de Xograr.
Aínda que procede dunha
educación exquisita propia de
ambientes culturais ou aristocráticos.
As continuas referencias que fai
a Vigo e ó seu mar parecen un
cidadán do sul de Galicia a
partir de mediados do século
XIII.

É sen dúbida ningunha, o poeta
mediaval máis estudado e
reproducido, tamén é o máis
famoso.

Alfonso Peña

CANTIGA

VI

Ondas do mar de v'go
Se v'stes meu amigo?
E ai Deus, se vera cedo?

Ondas do mar levado,
Se v'stes meu amado?
E ai Deus, se vera cedo?

Se v'stes meu amigo,
por que eu sospiro?
E ai Deus, se vera cedo?

Se v'stes meu amado,
por que ei gran coitado?
E ai Deus, se vera cedo?

MENDIÑO

Mendiño é un xogador galego, do primeiro tercio do século XIII (13).

Súa obra é unha única cantiga de amigo

Estas cantigas de amigo son poemas de amor pestas na boca dunha muller que se lamentou pola ausencia, a tardancia ou a partida do amado.

Esta cantiga aparece rexistrada no Anticónada Biblioteca Nacional e da Vaticana.

Na cantiga, Mendiño fai unha referencia especial moi clara, que non é outra máis ca "famosa" Illa de San Simón;

Situada no medio da ría de Lugo, que durante a guerra civil foi utilizada como un campo de concentración para os prisioneiros e antigos

como residencia para leprosos. Na cantiga o poeta menciona a pena dunha muller solitaria rodeada

por ondas da marea crecente, que rodean a Illa

de San Simón, despois de haber ido ali na procura do seu amigo, que non encontra.

Garrido

Mencão: canção de meu amigo.

Estou na ermida de São Simon
e cecarommi as ondas, que grandes son
? eu atendente o meu amigo,
eu atendente o meu amigo!

Estou na ermida ante o altar
e cecarommi as ondas grandes do mar
? Eu atendente o meu amigo,
eu atendente o meu amigo!

E cecarommi as ondas, que grandes son ?
non hei barqueiro nin remador
? eu atendente o meu amigo,
eu atendente o meu amigo!

E cecarommi as ondas do alto mar
non hei barqueiro nin sei remar
eu atendente o meu amigo,
eu atendente o meu amigo!

Non hei barqueiro nin remador,
morerei frousa no mar maior
? eu atendente o meu amigo,
eu atendente o meu amigo!

Margra Couso Pena



Chistes



- Veño a pedi-la man da
sua filla.

- É a maior ou a menor?

- Pois ... pois eu tubra
xurado que ten as dúas mans
iguais.

- É Que tal vai a
colmea, Pepe?

- Vai magnífica. Hel
non da, pero ... xa
lle picou catro ceres
à miña sogra.




Estaban Lalo e Pepa nun
Dyan 6 e comeza a choover.
Entonces dille Pepa:

- Lalo, ¡la lona!

E responde Lalo:

- Pepa, ¡Pepona!



Despois dun xuízo dille un
amigo ó enculpado:

- É Por que estás tan
triste compadre?

- Porque acabari de botarme
ó renlo 20 anos.

- Pois, chacho, eu estaria ledísi-
mo polos poucos anos que che
botaron, xa que de verdade
aparentas ter moitos máis.


Era unha vez
dous párrocos. Foron
á misa. Un quedou
jora e outro entrou.
Ó salir dille un
ó outro:

- É Que che dou o
cura?

- Unha... estia.

- É Por que?

- Porque lle saquei a lingua.



Dous exploradores van
polo deserto. Un leva
unha cantimplora e
o outro unha porta
dun 600.

- É Para que levas esa
cantimplora?

- Para beber cando teña
sede.

- É E ti, para que levas
esa porta de 600?

- Para abrir a ventanilla
cando teña calor.

Andrea Carballo 1º ESO


Noemí Durán 1º ESO

ADIVINHAS

- 1- Pasa cantando polo lugar,
pasa pola alba o noso galán,
ségueno as mozas todas detrás:
non hai heroe con tantas gans.



- 2- Parezo e non son árbore,
pero quen me quere sabe
que o meu grito dou,
aínda que árbore non son.



- 3- Vai e vén
e non gere a ningún.

Dálle na cara,
tíralle a pucha,
levantalle a capa
e dálle unha zorra.


Pero vai e vén
e non gere a ningún.



4. Doce señoritas xuntas nun balcón;
todas teñen medias e zapatos non.




5. De que hai que encher un pucheiro
para que pese menos que baleiro?




6. Catro danzantes
e dous apuntantes
catro minguantes
e un dalle dalle

7. Que cousa de adiñar é
que antes de selo xa o é?



8. Catro can, catro pans
un pan e medio e medio pan
ca como toca cada can?

9:30



12:30



Os debuxos non cores
ponden á adiviña.
Ponlle-lo número da adi-
viña á que corresponda



7:30



Eduardo Castro
Noemí Durán

ADIVIÑA

1º ESO




PASATEMPOS



O debuxante ó realiza — los dous debuxos, aparentemente iguais,
 Cambiou capichosamente dez detalles. ¿Cales son?

Manuel Martínez García
 David Alejandro Malvido Farina
 2050A

Completa a figura secreta:



¿Que é? É unha.....

BARULLO DE LETRAS: Busca escribe o nome



1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	
11	
12	
13	
14	
15	
16	

M	Z	A	P	A	T	I	L	L	A	B
O	O	S	O	L	L	A	M	A	D	I
C	C	P	Ñ	R	T	Q	S	L	Δ	Q
A	A	L	F	U	T	N	A	P	N	U
S	S	O	L	A	E	Y	N	A	Z	E
I	T	A	C	O	N	U	D	R	A	I
N	I	P	A	T	I	N	A	G	R	R
Z	O	C	O	S	S	R	L	A	I	A
Z	A	P	A	T	O	E	I	T	Ñ	Ñ
L	I	N	G	U	E	T	A	A	A	C

Daniel Alejandro Mahido Farina

Manuel Martínez García

2^a ESO A

¡Ring! ¡Ring!

- Farmacia Pérez dígame:

- Disculpe d que teño que facer los supositorios?

- Metelos polo cu

¡HH que carácter!

NOTICIAS DE PARIVÁ


- Nos Campeonatos escolares e despois das tres probas clasificatorias o equipo alevín feminino do colexio quedou campión da zona do Morrazo e foi o Campeonato provincial de Cross que se celebrou nas Gándaras de Budiño en Porriño, onde quedaron entre os oito mellores equipos.
- En Atletismo, ó quedar segundos da Zona do Morrazo tamén se clasificaron para a final provincial nas pistas de Balaidos, os equipos alevín masculino e feminino, quedando terceiros da provincia.
- En fútbol sala remataron a liga como subcampeóns de grupo os infantís. Os alevíns foron cuartos e os benxamíns sextos.
- En balónmán participou un equipo infantil feminino que quedaron subcampeonas do Morrazo.
- Nas competicións internas, que teñen lugar no colexio durante os recreos déronse os seguintes resultados:
 - Liga de fútbol sala: Campeóns masculino: Quebrantahuesos. Campeonas femininas: Goleadoras.
- No torneo de xadrez: Quedaron catro finalistas: Biego Cortizo, Agustín Fernández, Eloy Chapela e Iago Arias. Eloy e Iago, despois de xogar as semifinais, ocuparon o terceiro e cuarto posto, e Agustín e Diego están a xogar a final ó mellor de tres partidas.
- Aparte das actividades deportivas de aeróbic, artes marciais, fútbol e Baloncesto este curso comezou a de ximnasia artística impartida por monitores do clube Golpiños de Ximnasia de Bueu de recente fundación. Seguirá o vindeiro curso para tódolos alumnos os que lles guste esta actividade.
- Tamén tivo unha boa actuación o equipo de baloncesto que ganou os tres da súa curta liga que xogou contra os equipos do Morrazo.





¡Encoidade colegas: non
o presentador Xan de
Buen, e non facer un
repasso o "hit parade
dos concioneiros"!

No número 1, o
troubador Martín Codax, de
Vigo, co seu tema "On-
das do mar de Vigo"
¡¡Xerial!!



¡ Dádelle moche
o estereos, que isto é
moi forte! ¡¡ei!!

¡ No número 2,
e con moita marcha,
Xoán de Cangas, coa súa
cantiga: "Amigo, se me
quis ben queredes..."
¡¡CHACHI, GUA!!

É no número 3,
e subindo, o gran
Abendino, coa súa canti-
ga marítima: "Sedla-me en
na unida de San Simón"
¡¡FLIPANTE!!

